

LIMIAR

Desde hai certo tempo, unha das nosas liñas de pesquisa vén centrándose na variación lingüística do galego contemporáneo. Este ámbito de investigación aínda se viu coadxuvado polo facto de nos encargarmos nos últimos anos dos labores docentes das materias “Lingua Galega: Norma e Usos” e “Lingua e Variación no Espazo Lingüístico Galego-Portugués”, ambas pertencentes á Área de Filoloxía Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña e leccionadas no Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios e nos programas de simultaneidade que se ofertan na Facultade de Filoloxía desa institución. Nas dúas disciplinas, os contidos á volta dos procesos de estandarización do galego e do portugués, dos falares estudados tradicionalmente no marco da dialectoloxía ou da xeolinguística, das diversas maneiras de se empregar a lingua tanto na oralidade como por escrito, das relacións entre a variedade padrón e a promoción de trazos locais nela etc. interrelaciónanse e complementanse de modo natural. Todos eles permiten corroborar a afirmación de que unha das características fundamentais de calquera lingua asenta na súa permanente variación, na cal conflúen factores diacrónicos, contextuais, estráticos, etarios, xeográficos etc.; trátase dunha antiga apreciación no mundo occidental, cuxo primeiro formulamento de que se ten constancia por escrito provén do diálogo *Crátilo* de Platón, redixido no século IV a.d.n.e.

Neste sentido, unha ollada aos datos dispoñíbeis referidos a como eran as variedades de portugués setentrional en finais do século XIX e nos primordios da seguinte centuria facilita verificarmos a anterior afirmación, en canto tamén favorece repararmos en varios aspectos derivados directamente dela. Un destes, talvez o máis interesante para os nosos obxectivos, asenta no facto de moitos trazos deses

falares norteños seren hoxe en día percibidos como tipicamente galegos, cando menos en certos rexistros de lingua (literaria, popular, dialectal etc.). E outro dos aspectos dignos de nota corresponde á circunstancia de a maior parte de tales fenómenos ir sendo preterida desde as indicacións da variedade padrón do portugués europeo, un estándar historicamente nucleado arredor dos falares centromeridionais do eixo Lisboa-Coimbra e pouco ou nada proclive a ter en conta esas características lingüísticas do norte, algunhas das cales conseguiron conservarse até á actualidade, embora case sempre marcadas negativamente.

Por iso, co título *O portugués esquecido* quixemos aprofundar neses dous pólos de investigación lingüística e así tratar de analizar os principais fenómenos gramaticais e lexicais que concedían aos falares setentrionais dese galego(-portugués) das provincias do Minho e de Trás-os-Montes personalidade propia, aínda hoxe notoriamente definida. Esas variedades son continuadoras naturais das falas galegas e varios autores teñen afirmado que, en termos estritamente lingüísticos e con diversas matizacións, nas dúas marxes do río Miño se emprega o mesmo idioma. Para o noso propósito, servímonos fundamentalmente dos contributos de José Leite de Vasconcellos¹ (1858-1941), cuxos materiais sobre temáticas dialectais son variados e múltiples e se achan publicados baixo diferentes circunstancias editoriais: hainos dados a lume polo propio autor e non faltan tamén aqueles que ficaron inéditos e que serían editados postumamente por outras persoas; algúns apareceron en publicacións periódicas, como a *Revista Lusitana* –da cal Leite de Vasconcellos foi fundador en 1887 e direc-

1 Mantemos no presente texto a grafía orixinaria que el utilizaba para o seu apelido, *Vasconcellos*, e non a forma actualizada *Vasconcelos*, a continuarmos así prácticas editoriais e académicas adoptadas nos traballos que empregamos. Para o caso de Carolina Michaëlis, no entanto, usamos a ortografía que figura na publicación manexada.

tor-, a *Revista de Estudos Livres* etc.; outros saíron do prelo en formato librario incluídos en obras de diversos investigadores e investigadoras, como a introdución que o autor escribiu sobre a “Linguagem popular de Barcellos” para as *Tradições populares colbidas no concelho de Barcellos* escritas por Cândido A. Landolt en 1884. Tendo en conta os nosos obxectivos, traballamos de preferencia cos *Opúsculos* de dialectoloxía dados a lume no ano 1928 (doravante O1) e cos *Opúsculos* de 1985 editados por Maria Adelaide Valle Cintra (O2). En menor medida, manexamos igualmente os *Opúsculos* de filoloxía reeditados en 1929 (O3) e a *Esquisse d'une dialectologie portugaise* (EDP), traballo que tivo de redixir para terminar os estudos de letras na Universidade de París e que sería publicado pola primeira vez no ano 1901.

Unha parte dos fenómenos lingüísticos que investigou Leite de Vasconcellos conseguiu chegar aos nosos días en textos de literatura anónima. O propio autor botou man en innúmeras ocasións de cantares tradicionais para ilustrar trazos dialectais ou para dar conta deles. De aí que, seguindo tal práctica, nós tamén decidísemos acudir a esas fontes documentais para exemplificarmos os casos de linguaxe rexional, conforme fixemos co *Cancioneiro Popular Português* coleccionado polo propio Leite de Vasconcellos e dado a lume por Maria Arminda Zaluar Nunes en finais do século XX (en adiante CPP). Os motivos que nos levaron a procedermos desta forma foron os seguintes: en primeiro lugar, proporciona mostras dos máis dos fenómenos gramaticais e vocabulares que escollemos. En segundo lugar, a inmensa maioría dos textos está localizada xeograficamente, o que se torna unha valiosísima axuda para verificar certos fenómenos do punto de vista local, como tamén acontece cos cancioneros galegos compilados por Pérez Ballesteros (CPG) e Saco Arce (LPG) na segunda metade do século XIX. E en terceiro lugar, dáse unha correspondencia

cronolóxica entre os fenómenos que analiza nos seus estudos e a época en que compilou eses materiais, abranxendo así desde finais do século XIX até ao primeiro terzo da seguinte centuria; esta concidencia temporal tamén nos aconsellou termos en conta outros cancioneiros, aínda que acadísemos a eles con menos frecuencia que ao CPP: tal o caso do *Cancioneiro Minhoto* (CM) de Gonçalo Sampaio, que contén textos con notación musical coleccionados durante o primeiro terzo do século XX, ou do *Cancioneiro Popular de Vila-Real* (CVR), colixido por Luís Estêves de Aguiar e editado por Augusto C. Peres da Lima en 1928.

Ao mesmo tempo, guiándonos por similares propósitos de forma a ilustrarmos os fenómenos lingüísticos analizados, empregamos o *Romanceiro da Província de Trás-os-Montes* editado por Manuel da Costa Fontes (RPT), que recolle textos en finais do século XX, por ser unha provincia dialectalmente analizada por Leite de Vasconcellos e por o *Romanceiro* se caracterizar, talvez con máis clareza que outros textos de procedencia tradicional, por conservar vestixios lingüísticos de épocas pasadas. Tamén botamos man do *Cancioneiro Popular Transmontano e Alto-Duriense* de Guilherme Felgueiras (CTM), obra en que figuran poesías tradicionais desas rexións portuguesas con fenómenos dialectais sinalados nos materiais leiteanos e/ou tratados nestas páxinas.

Mais cinxírmonos en exclusiva a tales estudos podería proporcionar unha visión reducida á volta das variedades lingüísticas setentrionais de portugués. Por iso, tamén empregamos obras anteriores a Leite de Vasconcellos (e algunhas posteriores) en que se recolle información sobre eses dialectos norteños, habitualmente cun marcado ton reprobatorio. Foi o que fixemos, pois, manexando títulos históricos no marco da filoloxía portuguesa, cal é o caso dos traballos de Fernão de Oliveira, João de Barros, Duarte Nunes de Leão, Bento Pereira, Jeronymo Contador de

Argote, Joaquim de Santa Rosa de Viterbo, João de Moraes Madureira Feijó, Francisco José Freire, Jerónimo Soares Barbosa etc. Ao paso, tamén utilizamos estudos non necesariamente lingüísticos en que aparecían informacións referidas ás variedades do portugués ou ás relacións entre este e os falares galaicos, como as obras de Herculano de Carvalho, Theóphilo Braga, Joaquim Pedro Oliveira Martins, José Ignacio Roquette etc. A necesaria comparación co estado actual tanto do portugués como do galego provén dos datos contidos nas gramáticas modernas e nos estudos contemporáneos sobre variación ou sobre linguaxe literaria.

Precisamente, a falarmos de cuestións bibliográficas, decidimos alargar a nómina de obras consultadas, sobre todo naqueles casos que podían conter informacións interesantes para os nosos propósitos. Por iso, embora non constitúan un número excesivamente elevado, acudimos nalgunhas ocasións a estudos modestos e a edicións de autor ou autora, pois, aínda que elaborados con frecuencia fóra do ámbito académico, tales traballos ás veces proporcionan datos que corroboran as impresións recollidas en textos doutra índole. Esporadicamente, no entanto, eses estudos de natureza máis artesanal foron as únicas ferramentas de que dispuxemos para aprofundar na pesquisa e tórnanse merecedores, a noso ver, dun mínimo recoñecemento; a seriedade con que foron elaborados algúns deles nin sempre dista moito de traballos desenvolvidos nos centros universitarios.

Utilizamos, por tanto, materiais redixidos en portugués ou en galego procedentes de diferentes épocas. A tal respecto, o público lector notará usos ortográficos nin sempre coincidentes coa práctica hodierna dos dous estándares, os cales, na medida das nosas posibilidades, tratamos sempre de conservar: port. *á* (mod. *à*), *archaica* (*arcaica*), *d'ali* (*dali*), *diligencia* (*diligência*), *differe* (*difere*), *elas tem*

(*elas têm*), *êle* (*ele*), *fácilmente* (*facilmente*), *fallar* (*falar*), *grammatica* (*gramática*), *hespanhol* (*espanhol*), *nam*, *nã* ou *naõ* (*não*), *ó* (*ò*), *portuguez* (*português*), *vício* (*vício*) etc. No tocante aos exemplos con información fonética ou fonolóxica tirados de estudos de Leite de Vasconcellos ou doutros autores, mantivemos, igualmente, a grafía orixinaria: *binho* (*vinho*), *bou* (*vou*), *impossible* (← ‘impossí-bele’, *impossível*), *muito* (*muito*), *õvos* (*ovos*, pronunciado con [‘o]), *q’anta* e *qanta* (*quanta*), *tchamar* (*chamar*), *ῥπα* (*lũhã*), est. *uma*) etc. Respectamos tamén a ortografía empregada por Gonçalo Sampaio no seu *Cancioneiro Minhoto* cando decidiu representar a nasalidade vocálica de final de palabra mediante un *-n*: *ninguén* (por *ninguém*), *nun* (*num*), *tamén* (*tamém*) etc. Ao paso, quen abrir as páxinas deste libro percibirá usos dos sinais de puntuación e das maiúsculas que tampouco se axustan ás convencións actuais, os cales, novamente, tentamos manter sempre que posíbel. E, de similar modo, as lectoras e os lectores tamén serán capaces de detectaren exemplos de diversas tipografías (letras grosas, itálicas etc.) que non condín coa praxe moderna, nin ás veces entre elas nunha mesma obra; máis unha vez, a nosa intención foi en todo o momento mantermos o texto orixinario cando citado.

O proxecto d’*O português esquecido* xurdiu inicialmente como un contributo para unha publicación periódica. Con todo, á medida que iamos avanzando en certas temáticas, tivemos de abandonar esa idea inicial para lle concedermos unhas maiores dimensións e subsecuente estrutura. Así pensado, o traballo ficou organizado en varios capítulos. No primeiro reflíctese á volta dos vínculos culturais, históricos e laborais en ambos os lados da raia, para logo os relacionarmos co nacemento da disciplina da dialectoloxía; vira fácil chegarmos á conclusión de que se as fronteiras político-administrativas rara vez coinciden coas lingüísticas, os límites dialectais dun mesmo sistema lingüístico tamén

non costumaban ter equivalencias exactas con aquelas. No segundo capítulo ofrécese un percorrido comparativo entre o interese que suscitaron historicamente os fenómenos de variación lingüística en Portugal e na Galiza, no primeiro país cunha atención que remonta ao século XVI, e no segundo, contrastivamente, cunha dedicación serodia, derivada de causas sociopolíticas, que só comeza no século XVIII coas impresións dos ilustrados Sarmiento e Sobreira; tamén se proporciona información sobre a figura de Leite de Vasconcellos e a súa importancia nos estudos dialectolóxicos portugueses, ben como sobre a súa consideración do galego. Xa o terceiro capítulo vai enveredarse en cuestións de índole fonética, algunhas delas aínda hoxe documentábeis nos falares setentrionais portugueses, cal a existencia dun único fonema vocálico central /a/ inclusive seguido de consoante nasal, a pronuncia –é certo que presentemente cada vez menos rexistrábel– da antiga africada prepalatal non voceada /tʃ/, os procesos de desnasalamento das vogais nasais etc. O cuarto ocúpase de temática morfolóxica e sintáctica, partindo do feito de a sintaxe, infelizmente, ter inspirado menos dedicación que os aspectos fonéticos ou morfolóxicos, a pesar de posuír asuntos de particular interese gramatical para unha análise contrastiva, como a sobrevivencia do pronome *vós*, a máis doada detección de estruturas con interpolación pronominal nos dialectos portugueses norteños antes que nos sureños, as rexencias preposicionais de acentuado sabor popular de certos verbos como *casar para* + FN, *esperar de* + infinitivo, *estimar de* + infinitivo etc. O seguinte capítulo trata de aspectos semántico-lexicais, especialmente a nos centrar, como primeiro alicerce, nas coincidencias entre o vocabulario dialectal portugués e as súas correspondentes equivalencias no galego e, xa como segundo esteo, nos españolismos dialectais atestábeis mesmo na actualidade en determinadas falas minhotas e transmontanas a través de casos como

carreteira, patata, perro, pitilho, sastre, tenedor, ventana etc. Por último, as conclusións de todo o traballo enforman sinteticamente a derradeira parte, que é seguida da natural relación das referencias bibliográficas; sobre este particular, no respectante a publicacións doutros séculos, procuramos, sempre que posíbel, manexarmos os textos orixinais, só nalgún caso puntual optando por acudirnos a edicións modernas rigorosas. Naquelas primeiras edicións con que traballamos, galegas ou portuguesas, mantivemos a ortografía do autor ou autora, nin sempre necesariamente coincidente coa actual.

Canto ao marco teórico, asentamos o traballo en dous eixos básicos. En primeiro lugar, xa que se trata de fenómenos lingüísticos rexionais de hai un século ou máis, partimos da dialectoloxía histórica ou filolóxica, que é aquel ramo do estudo da variación xeográfica das linguas cunha motivación diacrónica, conforme é definida por Pilch (1988: 418), entendéndoa como “the change of regional variation in the time dimension”. As únicas fontes para a pesquisa neste tipo de investigación son os documentos escritos, non condicentes coa análise da variación dialectal de natureza sincrónica, que prefere traballar con textos orais actuais. Por iso, segundo sinalamos máis arriba, concedemos especial atención a textos de extracción anónima tradicional sempre provenientes do norte de Portugal, os máis deles colixidos polo propio José Leite de Vasconcellos.

E, en segundo lugar, tamén imos ter en conta a dialectoloxía actual, pois así poderemos constatar como se modificou a lingua neses territorios. Veremos que algúns daqueles fenómenos desaparecieron do portugués dos nosos días, como por exemplo o morfema lexical para o tema de pretérito *vinh-* do verbo *vir* (cfr.: *vinhemos, vinbestes* etc.), a acentuación etimolóxica do copretérito *cantabamos* (en vez de *cantávamos*), o alormorfe de MNP *-che* de P2 (cfr.: *cantache, foche...*) etc., ao paso que outros conseguirían

manterse até á actualidade, normalmente percibidos como provincianismos ou trazos rústicos que cumpría sempre evitar.

Finalmente, queremos deixar constancia do noso agradecemento ás persoas que nos brindaron desinteresadamente a súa axuda no proceso de elaboración deste libro. Así as cousas, o noso recoñecemento oriéntase primeiramente para Xosé Ramón Freixeiro Mato, da UDC, cuxas criteriosas observacións aprimoraron a redacción inicial; a gratitude tamén se nortea cara a María Aldina Marques, da UMINHO, pois a súa atenta lectura levouna a nos facer varios e interesantes comentarios aclaratorios sobre o significado de léxico e expresións do portugués setentrional. Outrosí, moito estimamos as suxestións de Xavier Varela Barreiro, da USC, e de Manuel Ferreiro, da UDC, que nos facilitaron novas focaxes sobre determinados temas. Ao paso, unha particular débeda de agradecemento e camaradaría é a que temos con Francisco Salinas Portugal, profesor honorario da UDC, con quen conversamos en moitas ocasións sobre aspectos lingüísticos e culturais relativos á zona da *raia* entre a Terra da Limia e Trás-os-Montes. Gratitude tamén é a que manifestamos con Natália Pires, da ESE de Coimbra, polos labores de *endevesamento*... As nosas grazas van igualmente dirixidas a Silvia Seixas Naia e María Fernández Zas, que souberon pór en evidencia algunhas grallas que serían posteriormente emendadas. Mais, naturalmente, os erros que aínda fican nesta obra son da nosa total responsabilidade e non daquelas persoas que nos ofreceron a súa xentil colaboración.

Agra do Orzán

A Coruña, xaneiro de 2020

NOTA Á SEGUNDA EDICIÓN

Transcorridos apenas algúns meses desde que este traballo foi dado a lume pola primeira vez, a boa acollida que tivo evidenciou a necesidade dunha nova saída do prelo. Vaia a nosa gratitude, antes de máis, para todas as persoas que mostraron interese por el, as cales, parafraseando a citación de Estevan da Guarda que abre as portas da obra, enveredaron os camiños “d’antre Doiro e Minho” d’*O portugués esquecido*. Precisamente, varias desas lecturas que fixeron amizades e colegas serviron para repararmos nalgunha gralla, ao paso que tamén se tornaron úteis para reflectirmos á volta de determinadas cuestións ou sobre a focaxe aplicada a diversas temáticas. A actual segunda edición, grazas á xentileza de quen leu o texto ao pouco de ser publicado, emenda eses pequenos erros de que puidemos ter noticia, en canto mantén os mesmos capítulos e contidos que a primeira; caso haxa oportunidade no futuro, aqueles e estes poderán ser debidamente actualizados.

Finalmente, non queríamos deixar de aproveitar a oportunidade para agradecermos a Laiovento o facto de apoiar con entusiasmo a publicación deste estudo, xa agora no seu segundo lanzamento ao público. Sen dúbida, a Galiza que soñamos ficaría máis lonxe sen proxectos como o que representa aquela feliz aventura nada en 1990 e que fai da lingua e da cultura galega e en galego a razón da existencia da editora.

Agra do Orzán
A Coruña, decembro de 2021

ÍNDICE

Abreviaturas non literarias	11
Abreviaturas usadas para as provincias ou rexións portuguesas	13
Limiar	15
1. Fronteiras políticas, lingüísticas, socioculturais e dialectoloxía	25
1.1. Factores histórico-culturais e densidade de comunicación	25
1.1.1. Unha ollada en termos históricos e culturais	25
1.1.2. Densidade de comunicación	59
1. 2. O estudo das variedades lingüísticas	64
2. Os estudos de dialectoloxía galego-portuguesa desde o século XVI até aos inicios do século XX	71
2.1. Os estudos dialectolóxicos portugueses	71
2.1.1. Os precursores	91
2.1.2. A consolidación de estudos	130
2.1.3. Os novos tempos do século XIX	153
2. 2. A figura de Leite de Vasconcellos e os estudos sobre a variación dialectal	155
2.2.1. Cuestións metodolóxicas	161
2.2.2. A proposta de clasificación dialectal leiteana	169
2. 3. Os estudos dialectolóxicos galegos	169
2.3.1. As primeiras impresións	180
2.3.2. As primeiras tentativas	186
2.3.3. Linguaxe literaria galega e dialectoloxía	193
2. 4. José Leite de Vasconcellos e o galego	193
2.4.1. A perspectiva xeral no século XIX	193
2.4.2. As perspectivas leiteanas	201

3. Cuestións fonéticas e fonolóxicas.....	211
3.1. Fenómenos tipicamente dialectais	213
3.1.1. O vocalismo	213
3.1.2. O consonantismo.....	236
3.2. Fenómenos propios da linguaxe popular.....	258
3.2.1. O vocalismo	258
3.2.2. O consonantismo.....	272
4. Cuestións morfosintácticas	277
4.1. Aspectos morfolóxicos.....	277
4.1.1. Sufixo <i>-com</i> e terminacións foneticamente afíns	278
4.1.2. Flexión nominal.....	281
4.1.3. Flexión verbal	289
4.1.4. Noticia dalgúns fenómenos nos verbos irregulares.....	307
4.1.5. Pronomes	329
4.1.6. Elementos sen flexión	346
4.2. Aspectos sintácticos	365
4.2.1. Uso de <i>vós</i> como pronome de P5.....	369
4.2.2. A ética dos dativos.....	371
4.2.3. Mesóclises e próclises.....	380
4.2.4. Construcións clausulares e transitividade.....	392
4.2.5. Construcións de reforzo co pronome persoal suxeito de P3.....	401
4.2.6. Estruturas con redobro de clítico.....	404
4.2.7. Noticia do uso dalgúns tempos e perífrases verbais.....	407
4.2.8. Dialectoloxía e partículas discursivas	416
5. Cuestións semántico-lexicais.....	423
5.1. Consideracións xerais	423
5.2. Unha posíbel mostra de léxico dialectal norteño.....	439

5.2.1. Vocábulos con significación total ou parcialmente partillada	443
5.2.2. Vocábulos con diferente significación	490
5.2.3. Algúns comentarios	509
5.3. A influencia do español no léxico do portugués setentrional.....	509
5.3.1. A penetración de léxico castelán no portugués.....	509
5.3.2. Léxico de orixe española no norte de Portugal	524
5.3.3. Testemuños doutros posíbeis españolismos dialectais para alén do léxico	539
5.4. Posíbeis casos de léxico arcaico.....	542
6. Conclusións	549
Bibliografía	565